

BLOQUE III SÉCULO XIX

TEMA 18 - A CUESTIÓN NACIONAL DO ÚLTIMO TERZO S.XIX

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece os **factores que levaron á eclosión dos nacionalismos periféricos** (o seu nacemento como unha reacción fronte ás pretensións centralistas do Estado liberal), o seu **ideario**, así como o seu **desenvolvemento** posterior (carácter minoritario nos comezos ata a súa conversión en movementos de masas, cunha importante influencia política, capaces de enfrontarse aos partidos da quenda). Deberá tamén facer mención dos seus líderes principais.

Nación e nacionalismos en España

A definición de nación é unha cuestión complexa: comunidade política, pobo, grupo de individuos vinculados por unha serie de trazos comúns... Ao mesmo tempo, cales son os factores que a conforman? Territorio, lingua, historia, etnia, cultura, economía, leis, mentalidade...? Porén, todas as definicións coinciden en identificar nación e **patria** e en considerar que para que a nación exista debe haber un requisito imprescindible: que os seus membros teñan o sentimento de pertencer a ela (noción de ser nación). Os defensores da existencia de nacións como comunidades diferenciadas defenden que toda nación ten dereito a decidir o seu destino (dereito de autodeterminación), o que implica a necesidade de dotarse de autogoberno e formar un Estado soberano.

En España, a pesares de ser un dos Estados máis vellos de Europa, a cuestión nacional segue a ser un tema inacabado e polémico. Xunto á idea de España como nación, defendida polo nacionalismo español, existen nacionalismos periféricos que defenden a existencia das súas propias comunidades diferenciadas, distintas á nación española.

1. O nacionalismo español.

A idea moderna de nación naceu, no caso español, nas **Cortes de Cádiz** froito da reacción popular fronte á invasión napoleónica. A **Constitución de 1812** definía a nación española como un corpo político formado por todos os habitantes da Coroa, coas mesmas leis e os mesmos dereitos. Isto implicaba, entón, a abolición dos particularismos persoais e territoriais propios do Antigo Réxime.

A división do liberalismo, **doutrinario** ou **democrático**, supuxo a aparición de dous tipos de nacionalismo español: **o conservador e o liberal-democrático**.

1.1. O nacionalismo español conservador.

Esta corrente defendida por moderados e conservadores (coma **Cánovas**) e por tradicionalistas coma **Menéndez Pelayo** considera a nación española unha entidade colectiva, superior á vontade dos individuos, froito da Historia e que, desde épocas remotas, estaba chamada a formar unha unidade política inseparable. O carácter, a raza e o xenio español, que xustifican a existencia da nación arranca xa dos godos, da Reconquista, dos RR.CC. e de Castela (**concepción orgánico-historicista**)

Os elementos identitarios desa nación española son a **Coroa**, o **catolicismo**, a propia **realidade xeográfica da Península Ibérica** e a **unidade da patria**, incompatible cos particularismos rexionais, polo que debe dar pé a un Estado unitario e centralizado.

1.2. O nacionalismo español liberal-democrático.

Estoutra interpretación, defendida por demócratas e republicanos (**Pi i Margall, Ortega y Gasset, Azaña**) considera que a nación española é unha construción política, un corpo de individuos agrupados baixo unhas leis comúns froito da vontade política dos individuos (concepción voluntarista). Os seus símbolos son a **participación democrática** do pobo no xogo político e a defensa dos dereitos e **liberdades** engadindo, os republicanos, o laicismo. Ademais, a unidade da patria é perfectamente compatible co mantemento dos particularismos rexionais, defendendo uns a **descentralización** administrativa e, outros, a **autonomía** política territorial.

2. Rexionalismos e nacionalismos periféricos.

Coma noutras zonas de Europa, na segunda metade do s. XIX xurdiron en España manifestacións culturais e políticas na periferia peninsular -esencialmente en Cataluña, Euskadi e Galicia- que foron evolucionando cara á defensa da existencia de nacións propias diferenciadas da nación española.

Na orixe deste movementos hai que suliñar varios **factores**:

1. **A diversidade cultural e lingüística** (galego, catalán, euskera).
2. **A imposición dun modelo de Estado**, o liberal, centralizador e unitario, que suprime as particularidades territoriais e dá prioridade absoluta aos valores e á lingua castelás.
3. **O desigual desenvolvemento capitalista** de áreas coma Cataluña e Euskadi, que non coinciden cos centros de decisión política (Madrid, especialmente).
4. **A débil nacionalización española**, é dicir, o sentimento nacional español, pouco arraigado nas áreas periféricas.
5. **O descontento pola marcha xeral do país** consecuencia do atraso económico, cultural e político e dos desastres coloniais, que facían difícil sentirse orgulloso da nación española.

Estes nacionalismos rexeitan a idea dunha nación española unitaria e defenden unha nova organización do Estado, compatible co autogoberno (caso galego e catalán) ou mesmo coa independencia (caso vasco). A negativa do Goberno central a ceder ás reivindicacións de autogoberno destas áreas radicalizou o seu discurso e incrementou as tendencias independentistas.

O proceso de formación dunha conciencia nacional pasou por varias **fases**: en primeiro lugar, un grupo de eruditos comeza a se interesar pola historia, a cultura e a lingua da súa comunidade. Nun segundo momento súmase a esa inqueda cultural o ingrediente político, coa aspiración de acadar o autogoberno. Xurden, así, o catalanismo, o galeguismo, o biscuitarrismo, o andalucismo... Pouco a pouco esa aspiración política vai evolucionando:

- a) **Rexionalismo**: a partir de 1880 os movementos políticos e culturais reivindicaban a descentralización administrativa e o autogoberno fronte ao Estado unitario, uniformizador e centralizador.
- b) **Nacionalismo**: defende a consideración e o recoñecemento da comunidade propia como unha nación diferenciada e con dereito a dispór de soberanía política e de goberno propio. Aparecen así, a cabalo entre o s. XIX e o XX, a idea da existencia dunha nación

galega, catalana e/ou vasca e a creación de partidos nacionalistas que defenden eses dereitos.

3. O catalanismo.

A defensa dos intereses políticos e culturais cataláns foise configurando desde mediados do s. XIX e consolidouse a cabalo entre o s. XIX e o XX. As manifestacións catalanistas amosaron reivindicacións tanto culturais coma políticas e presentou unha ampla variedade ideolóxica (desde o tradicionalismo até o republicanismo federal), social (desde a burguesía até o proletariado e o campesiñado) e de estratexia (desde a colaboración co Estado español até a creación dun Estado independente, pasando polo autogoberno e o federalismo).

3.1. A personalidade diferencial de Cataluña.

O desenvolvemento das revolucións industrial e liberal acentuou o sentimento de identidade colectiva catalán fronte ao resto do Estado español, sendo varios os factores que contribuíron a ese proceso:

1. A existencia dunha lingua propia empregada maioritariamente por todas as clases sociais e potenciada como lingua literaria a partires da Renaixença.

2. A permanencia de costumes especificamente cataláns, con importantes diferenzas respecto a outras áreas peninsulares.

3. A conciencia dun pasado histórico específico, do que se sentían orgullosos e do que proceden os símbolos identitarios cataláns (a bandeira, o himno *Els segadors*, a Generalitat...).

4. O seu desenvolvemento industrial, en contraste co atraso económico xeral.

5. A marxinación política sentida polos cataláns fronte á centralización na toma das decisións en Madrid, que acentuou as críticas do catalanismo sobre a ineficacia das medidas tomadas polos gobernos centrais.

3.2. O rexionalismo catalán.

As primeiras manifestacións catalanistas aparecen cara a 1880, dentro do chamado rexionalismo: defensa do autogoberno catalán sen discutir a unidade nacional española. Podían distinguirse dúas tendencias ideolóxicas:

a) **A tenencia progresista**, que vinculaba as reivindicacións políticas á idea de modernización do país. O líder máis visible foi **Valentí Almirall**, impulsor do **Centre Catalá** e do **Memorial de Agravios (1885)**, presentado a **Afonso XII** durante a súa visita a Cataluña: unha crítica á política do Goberno central acompañada de varias propostas para mudar a estrutura rixidamente centralizada do Estado e dar cabida a unha organización que tivese máis en conta ás distintas rexións, pero o Goberno rexeitouna por completo.

b) **A tendencia conservadora**, a máis influínte. En **1887** fúndase a **Liga de Cataluña**, da que formaron parte algúns membros históricos do catalanismo coma **Prat de la Riba**, **Puig i Cadafalch** e **Françesc Cambó**. En 1891 naceu, tamén, **Unión Catalanista**, na que se agruparon varias organizacións e que aprobou un proxecto autonomista de carácter conservador, coñecido como as **Bases de Manresa**.

3.3. O nacionalismo catalán.

Prat de la Riba foi o primeiro en identificar Cataluña como nación por contar con requisitos para considerala como tal: lingua, dereito, territorio, conciencia do seu carácter diferencial, e vontade de autogobernarse (conciencia de ser e querer ser nación). Para casar o autogoberno catalán coa unidade de España propuxo unha federación das diferentes nacionalidades que constituirían España.

Hai tamén un **nacionalismo catalán conservador**, o da **Liga Rexionalista de Cataluña**, a forza política máis importante en Cataluña e con quen o Goberno central tratou de buscar acordos. En 1913, por exemplo, as presións da Liga culminaron coa aprobación, no Goberno de **Eduardo Dato**, da **Lei de Mancomunidades** que permitía a formación de gobernos interprovinciais mediante a asociación de Concellos e Deputacións. Constituise deste xeito, en 1914, a Mancomunidade de Cataluña, o primeiro recoñecemento da súa personalidade política e xurídica que funcionou até 1925.

A influencia da **Liga** seguiu a medrar e o seu dirixente máis destacado, **Françesc Cambó**, formou parte de varios gobernos en Madrid entre 1917 e 1922. Mesmo en 1919 a través da **Mancomunidad**, a **Liga** presentou un proxecto de Estatuto de Autonomía que foi rexeitado polo Goberno central.

Pola súa banda, o **nacionalismo catalán progresista e republicano** contou con **Antonio Rovira i Virgili** como o seu máximo representante; insistiu na idea de Cataluña como nación histórica pero, sobre todo, como froito da vontade dos propios cataláns. Defendeu a creación dun Estado catalán democrático, as liberdades cidadás, o laicismo e o republicanismo. Este catalanismo de esquerdas caracterízouse pola súa fragmentación e pola súa aproximación ao republicanismo. Os seus partidarios chegaron a crear as primeiras organizacións abertamente independentistas baixo a dirección de **Françesc Maciá**.

Todas as reivindicacións catalanistas ficaron afogadas pola dictadura de **Primo de Rivera**, o que contribuíu á súa radicalización e favoreceu o reagrupamento das forzas nacionalistas de esquerda e republicanas que, en 1931, crean **Esquerra Republicana de Cataluña (ERC)**, a formación política hexemónica na Cataluña da II República.

4. O nacionalismo vasco.

Desde a Idade Media e durante o Antigo Réxime, as provincias vascas (Gipuzkoa, Bizkaia e Araba en euskera) e o reino de Nafarroa conservaron numerosos privilexios forais: estatus de fidalguía para os seus habitantes, sistema fiscal propio, institucións administrativas xurisdiccionais particulares, aduanas que as separaban de Castela, prestacións militares só no seu territorio. Esta situación foral privilexiada cambiaría co desenvolvemento do estado liberal español.

4.1. Carlismo e foralismo.

O Liberalismo propugnaba a unificación lexislativa de todo o Estado e, polo tanto, a eliminación dos privilexios forais vascos e navarros. O problema foral agravouse a partires de 1833 co inicio da **Primeira Guerra Carlista**, que enfrontou a liberais e absolutistas; nela o respecto e o recoñecemento dos foros por parte de don Carlos explica o apoio dos vascos ao bando carlista. O **Convenio de Vergara** (1839) que puxo fin á guerra tivo un efecto diferente para **Navarra** (a **Lei Paccionada** de **Espartero** convertía o antigo reino nunha provincia especial que mantiña a súa autonomía fiscal e administrativa) e para as provincias vascas; neste caso a negativa a aceptar calquera transformación supuxo a

supresión dos foros vascos por **Espartero** en 1841, aínda que voltaron ser restablecidos polo goberno moderado de **Narváez** en 1844.

Coa derrota definitiva do carlismo en 1876 **Cánovas** decretou a abolición definitiva dos privilexios forais vascos; ante as protestas que xurdiron concedéuselles ás **Deputacións vascas**, en 1878, a capacidade de distribuír as quintas militares e recadar rendas e impostos cos que deberían contribuír ao Estado en virtude dun pacto previo; foi o **régime de concerto económico** que perviviu até 1937.

A abolición dos foros vascos provocou un sentimento de frustración nos sectores tradicionalistas que mantiveron a reivindicación de recuperar plenamente os privilexios perdidos. A revolución liberal e a industrialización potenciaron as transformacións socioeconómicas, xerando un contexto no que xurdiu un nacionalismo estritamente independentista encabezado por **Sabino Arana**.

4.2. Sabino Arana Goiri.

De ideoloxía carlista, maniféstase abertamente contrario ás transformacións sociais e políticas que conlevan o liberalismo e a industrialización. Partindo da histórica liberdade do pobo vasco ao longo da Historia, ante a desaparición dos privilexios forais e ante o perigo de desvasquización, defendeu a independencia dos territorios vascos fronte ao Estado español e o francés; a súa unión (Navarra e Iparralde, o País Vasco francés) conformaría unha nova entidade política que el denominou **Euskadi**.

No Domingo de Resurrección de 1882 (data que se convertiu no **Aberri Eguna**, o Día da Patria Vasca) **Arana** decatouse de que España non era a súa patria e comezou a desenvolver a súa proposta nacionalista. Fundou o **Euskaldun Batzokia**, unha sociedade político-recreativa coa que loitar pola independencia de Euskadi e cuxos símbolos eran o lema Jaungoikua eta Lagizarra (Deus e foros), a ikurriña e o euskera; todos eles estaban ameazados polos maketos (inmigrantes españois).

Para **Arana** a raza vasca, o integrismo católico, o euskera, os costumes e o folclore tradicionais definían á nación vasca. O perigo estaba nos non vascos, os maketos. A industrialización vasca provocara que se trasladaran ao territorio vasco milleiros de traballadores de toda España, que foron vistos como unha ameaza para a esencia vasca posto que traían consigo a desvasquización: o españolismo, o liberalismo e o ateísmo. Por iso, a defensa da pureza e da tradición vascas pasaba polo desprezo dos maketos.

· O EAJ-PNV (Euzko Alderdi Jeltzalea-Partido Nacionalista Vasco)

Arana fundou, en 1895 o **Partido Nacionalista Vasco** e, rapidamente, logrou os primeiros éxitos electorais. Tras a morte do fundador en 1903, o Partido foise consolidando nas primeiras décadas do s. XX e, en 1911, fúndase o sindicato **Solidariedade de Traballadores Vascos** (Eusko Langille Alkartasuna, orixe do actual ELA-STV), para tratar de contrarrestar o peso dos sindicatos socialistas e anarquistas en Euskadi.

Co tempo xurdiron dúas posturas dentro do PNV: unha moderada, autonomista, e outra radical e independentista. O seu enfrontamento non era só ideolóxico, senón tamén de tácticas e estratexias para restaurar os privilexios forais. En 1923 a **dictadura de Primo de Rivera** suprimiu as organizacións políticas vascas, quedando o nacionalismo relegado ao plano cultural, folclórico ou deportivo. En 1930, caída a dictadura, as dúas tendencias voltarán unirse novamente no seo do **EAJ-PNV**.

5. O galeguismo.

A mediados do s. XIX xurde en Galicia unha progresiva toma de conciencia das súas particularidades, á que se une a defensa dos seus intereses políticos e económicos. O resultado é un movemento heteroxéneo, o galeguismo, que reivindica o recoñecemento dos intereses de Galicia, a defensa do galego e o autogoberno.

O **galeguismo** irá evolucionando e denunciará o atraso económico, a pobreza e o afastamento dos centros de decisión política, así coma o sentimento de aldraxe ante o esquecemento e a marxinación que vive Galicia por parte dos distintos gobernos en Madrid.

5.1. Os alicerces do galeguismo: o provincialismo (1840-1885)

Na década de 1840 xurdiron as primeiras reivindicacións en defensa da personalidade propia galega e as críticas ao centralismo político da man da **xeración de 1846**; **Antolín Faraldo** e outros persoeiros puxeron de manifesto as características diferenciadoras de Galicia e os problemas que padecía: atraso industrial, ruralización, illamento, a excentralización (a debilidade da articulación interna, a falta de unión)...

Xunto á denuncia dos problemas que padecía Galicia apareceron as primeiras manifestacións dun pensamento político que comeza a reclamar o dereito ao autogoberno galego. A primeira posta en práctica foi o **pronunciamento encabezado por Solís en**

1846 contra o Goberno de **Narváez**; a **Xunta Superior do Goberno de Galicia**, formada en Compostela, denunciou a explotación que padecía o pobo galego e o desexo de rexenerar a súa riqueza e o seu prestixio. A pesares do fusilamento de **Solís** e os seus homes (os **Mártires de Carral**) as súas propostas non caeron no esquecemento e foron recuperadas tanto por republicanos federais (autores do proxecto de Constitución para o futuro Estado Galaico en 1883) coma polos rexionalistas galegos.

Ao mesmo tempo no eido cultural desenvolveuse un amplo movemento de recuperación histórica e literaria, o **Rexurdimento**, encabezado por **Rosalía, Pondal, Curros Enríquez, Añón...** Defenderon o emprego do galego, non unicamente como unha lingua popular, senón tamén literaria e culta. Tamén os historiadores, fundamentalmente **Benito Vicetto** e **Manuel Murguía** (que publicaron cadansúa Historia de Galicia), contribuíron á recuperación e o estudio do pasado de Galicia, subministrando argumentos máis ou menos sólidos para o nacente galeguismo, reivindicando o dereito a ter unha organización política propia que recoñecese a situación xeográfica especial de Galicia, os costumes e a lingua diferentes, o seu pasado histórico e, sobre todo, a crenza nunha orixe mítica do pobo galego vinculada á raza celta, considerada superior ás demais razas peninsulares (mito do celtismo).

5.2. O rexionalismo galego (1885-1916)

Paralelamente ao que estaba a ocorrer noutras zonas de España, na década de 1880 aparece en Galicia un movemento de carácter rexionalista que busca, xustifica e defende o emprego da lingua propia e o dereito á súa autonomía política e administrativa sen rachar a unidade do Estado español. Este rexionalismo galego contou con dúas posturas ideolóxicas: a **liberal**, encabezada por **Murguía**, e a **conservadora**, tradicionalista e católica, encabezada por **Alfredo Brañas**.

Murguía foi o primeiro defensor da existencia dunha nacionalidade galega diferente, xustificando a súa existencia en razóns étnicas, idiomáticas, xeográficas e históricas. Desde unha postura liberal, reivindicou o dereito de **Galicia** a recuperar a súa autonomía política.

Pola súa banda, **Alfredo Brañas**, desde unha posición tradicionalista e católica, defendeu a idea de dobre patria (a grande e a pequena), tratando de casar as reivindicacións rexionalistas coa unidade de España. Para **Galicia** propuxo un catolicismo que era, segundo el, o trazo distintivo de Galicia e un corporativismo social e gremial como base das futuras institucións políticas rexionais.

Nesta época fúndanse ademais as primeiras organizacións galeguistas: a **Asociación Rexionalista Galega**, a **Liga Galega**, a **Real Academia Galega** e xornais galeguistas coma **A Rexión Galega**, **A Patria Galega** ou **A Nosa Terra**. Asemade, en 1907 fúndase **Solidariedade Galega**, coa intención de aglutinar a todos os grupos que reivindicaban a descentralización (desde carlistas a federais), para tratar de competir electoralmente.

5.3. O nacionalismo galego (1916-1936)

A partires de 1916 o pensamento político galeguista afirma con rotundidade que Galicia é unha nación. Os irmáns **Antón** e **Ramón Vilar Ponte**, **Vicente Risco** e **Castelao** marcan os trazos fundamentais da nación galega ao tempo que denuncian os seus problemas e propoñen solucións. Sosteenen que Galicia é unha nación perfectamente diferenciada e caracterizada pola súa lingua (o galego), a súa xeografía (a Terra), a súa raza (a celta), o seu espírito (a saudade galega), a súa cultura e a súa historia, elementos senlleiros respecto aos demais pobos de España.

Os nacionalistas galegos mantiveron un ideario básico común: a denuncia do atraso económico e da opresión cultural de Galicia por Castela, a apoloxía da modernización da produción agrogandeira, a defensa da autonomía integral de Galicia, o rexeitamento ao separatismo e o desexo de acadar unha confederación ibérica na que tamén entrase a formar parte **Portugal**.

Houbo, como non podía ser doutro xeito, diferencias ideolóxicas: o **nacionalismo tradicionalista** (**Antón Losada**, **Risco**, **Otero Pedrayo**, **Filgueira Valverde**...) defendeu o predominio católico na sociedade galega e a hexemonía social dos grupos burgueses e intelectuais. En cambio, o **nacionalismo democrático** (**Xoán Vivente Viqueira**, **Castelao**, **Xaime Quintanilla**, **Alexandre Bóveda**...) tomou o pobo galego como referente político, buscando unha democracia compatible co pleno autogoberno de Galicia.

No plano organizativo o nacionalismo galego botou a andar coas **Irmandades da Fala** (A Coruña, 1916) impulsadas por **Antón Vilar Ponte** e que rapidamente se espallaron por Galicia. Defendían a dignificación do idioma galego, a potenciación da identidade propia galega e a busca de solucións ao atraso de Galicia. En **1918** celebrouse en Lugo a primeira asemblea das **Irmandades da Fala**, a **I Asemblea Nacionalista**, na que se definiu o seu programa político: a busca da autonomía integral de Galicia.

Na difusión da cultura galega durante esta etapa cómpre destacar o papel da **revista Nós**, fundada por **Risco**, e do **Seminario de Estudos Galegos**; en torno a eles agrupouse un grupo de intelectuais, a **Xeración Nós**, que realizou un intenso labor de estudio, creación e divulgación literaria, artística, histórica, xeográfica, etnográfica... da realidade galega.

En 1924 o **Goberno de Primo de Rivera** reprimiu calquera tipo de actuación ou propaganda política dos nacionalismos periféricos e o galeguismo quedou reducido ao eido cultural. A partires de 1929 algúns galeguistas entraron cos republicanos na **ORGA**; porén, o desexo de contar cunha organización propia levou a outro grupo a crear diversas organizacións que confluíron na fundación do **Partido Galeguista** en 1931, cun importante papel na **II República**.